

## O peche do balneario deixou un balance negativo nas arcas da entidade de Berán

O retraso na apertura do Balneario de Berán está a perxudicar o balance económico da Entidade Local Menor que rixe esta parroquia do municipio de Leiro e que conta cunha poboación superior ós 300 habitantes, según estimacións do seu presidente, José Luis Rodríguez.

Iste lembra que &lsquo;a meirande parte dos ingresos procedían do canon de concesión das antigas instalacións termais e o que recibimos do Concello de Leiro pola recadación de abastecemento, saneamento e licencias urbanísticas&rsquo;.

Así, nos últimos dous anos e coincidindo coa paralización do proceso de adxudicación da explotación balnearia, as arcas da Entidade de Berán deixaron de ingresar perto de 50.000 euros, &lsquo;é dicir, que non dispomos de cantidade algunha para acometer obras de mellora na parroquia&rsquo;, sinala o seu presidente. José Luis Rodríguez confía en aprobar iste mércores &lsquo;e de xeito definitivo, as bases para adxudicar as instalacións, e pechar dunha vez un periodo que foi moi negativo para tódolos veciños&rsquo;. La sesión plenaria se desenvolverá a partir de las ocho de la tarde, y el acuerdo será remitido para su publicación en los boletines oficiales.

Fuente: laregion.net